

# RESTAURACION

## DO MUÍÑO GRABIEL

Hai en Outes 259 muíños repartidos polos tres grandes ríos e a gran multitude de pequenos cursos de auga que cruzan as dez parroquias que conforman o noso concello

No **Río de Outes**, que nace nas inmediacións da igrexa de S. Pedro e vai desembocar ao **Río Tins** á altura da Serra, hai 9, incluíndo os tres que se achán nos dous delgados regatos que pasan a rentes de Vilar e Cambeiro.

Os últimos cinco, coñecidos como *Muíño do Caghulo*, *Muíño do Couto*, *Muíño de Cambeiro*, *Muíño da Boela* e *Muíño Grabiél* son que se refrexan nun mapa do ano 1780 elaborado polo arquitecto Manuel Varela que en anos anteriores estivera construíndo a igrexa parroquial e que por esa época estaba traballando no campanario de S. Tirso de Cando. Este mapa fora encargado para representar unha captación de augas no Río de Outes que era obxecto de litixio e que debeu chegar en apelación á Real Audiencia de Galicia, de onde anos máis tarde pasou ao *Arquivo do Reino de Galicia*, onde na actualidade se conserva. Aquela data sérvenos para confirmar que no século XVIII xa funcionaba este muíño, o derradeiro dos cinco que se achán no tramo deste curso fluvial que pasa polo lugar que leva precisamente o nome do río.

Cando todos eles foron visitados no proceso de catalogación da arquitectura popular de Outes que se levou a cabo entre o 2000 e o 2002, xa ningún estaba en activo e a maioría estaba en ruínas e o **Muíño Grabiél** tamén se achaba nun estado lamentable, co teito a piques de desplomarse, a madeira dos elementos da moenda e da porta completamente apodrecidos, algunhas pedras das paredes caídas, a canle de suministro de auga sepultada baixo unha espesa capa de terra, ao igual có inferno, onde o rodicio, pola súa parte, era xa inproveitable e a maleza, ademais de dificultar o acceso ao muíño, ameazaba devoralo, cubrindo gran parte del ata o tellado.

Uns anos despois, os veciños do lugar fixeron chegar á Asociación *Terra de Outes* o seu desexo de restauralo non só por causas sentimentais senón, fundamentalmente, co finalidade de recuperar o seu aproveitamento económico. Este obxectivo, por humilde que poida

parecer, por canto o aforro enerxético sexa inapreciable a escala local, unido á utilidade didáctica que podía resultar ao ofrecer aos centros educativos a posibilidade de visitalo e observar nel nenos e nenas deste ou doutros municipios o funcionamento destes inxenios hidráulicos, animou a esta Asociación a iniciar os tramites tendentes á súa restauración.

Xestionáronse os permisos oportunos diante do Concello e buscáronse as subvencións que o fixesen posible, atopando na Deputación da Coruña e no propio Concello de Outes xenerosas axudas que en dúas fases sucesivas, nos anos 2010 e 2011, levaron á súa completa rehabilitación.

Na primeira delas, a cargo da empresa de Rafael Fontenlos, eliminouse a maleza, sacouse a canle de sumministración de auga do seu soterramento, limpouse o inferno, consolidáronse as paredes e retellouse o edificio sobre sólidas trabes de madeira. Na segunda fase, o mesmo constructor colocou un rodicio novo co seu eixo, cama, tempero e cruz no interior, onde tamén se dispuxo unha moega do trinque suxeita a trabes dispostas de este a oeste coa súa caneliña e tinxidoiro. Posto que pé e moa aínda se conservaban en perfecto estado, non fixo máis falta que colocar unha porta para que o muíño quedara como novo e, o que é fundamental, para recuperar o seu uso e teña tamén carácter pedagóxico.

Esta é a nosa vontade: a chave do **muíño Grabiél** está a disposición de colexios e institutos de toda Galicia. Por suposto, esperamos tamén que os restos da moenda do millo que se van levar aquí a cabo para elaborar as nosas exquisitas empanadas, sirvan tamén de alimento para as troitas e o **Río de Outes** recupere por completo a súa vida, que é a nosa.